



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 27 de xullo de 2023(1521/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas do día vinte e sete de xullo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(614).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

## **2(615).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE BERET DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023”. EXPTE. 9710/335.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 27/07/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Admón. Xeral e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 9 de maio de 2023, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de **ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “BERET” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023”**.

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 09/02/2023 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 20 de abril de 2023.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2023”.



## Concello de Vigo

- Programa Vigo en Festas 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 2 de febreiro de 2023 (expediente 9631-335).
- Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o Programa anual "VIGO EN FESTAS" publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o 16 de febreiro de 2023.
- Acta da Comisión de valoración das propostas de actuación artística presentadas, de data 14 de marzo de 2023, na que figura para a actuación deste artista a entidade CATEGÓRICA.
- Revisados os expedientes do Servizo de Festas compróbase que non constan nin outras ofertas para a actuación artística de Beret, nin outras comunicacións, formais ou informais con outros produtores que oferten a actuación do citado artista, diferentes á formulada por SWEET NOCTURNA, S.L., obrantes no expediente 9.693-335. Así consta na acta de comprobación da administrativa do servizo, de data 20 de xullo de 2023.
- SWEET NOCTURNA S.L., en escrito de 3 de xullo de 2023, presentado a través do Rexistro Xeral deste Concello ao día seguinte, manifesta que *"confirmamos que a nosa empresa non pode continuar con este procedemento de contratación por motivos alleos a súa vontade. Sen embargo, desde a axencia da ARTISTA se nos traslada que esta xestión se trasladará a outra empresa que manterá as condicións e orzamentos xa presentados por SWEET NOCTURNA S.L anteriormente a concellería de Festas. Como consecuencia, se adxuntan os documentos solicitados neste requerimento e aportados pola AXENCIA na que confirma a exclusividade a favor de ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO co obxecto de que esta empresa continúe coa tramitación do concerto no Auditorio de Castrelos da artista o vindeiro día 5 de agosto de 2023"*.

Con carácter previo á valoración de se procede ou non acceder a esta solicitude, é preciso analizar os requisitos da convocatoria pública para a selección das actuacións artísticas para o Programa Vigo en Festas 2023, aprobado pola XGL o 2 de febreiro de 2023. A convocatoria publicouse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, o 16 de febreiro. Unha vez presentadas as propostas de actuación artística polos diferentes produtores, estas foron valoradas por unha Comisión da Avaliación formada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez e por Dna. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas.

Para ser admitidas, as propostas deberían cumprir uns requisitos:

- a) Que sexan de interese xeral e dean cobertura a unha maior diversidade de público obxectivo posible, atendendo a algunha seguintes tipoloxías:
  - Concertos de rock (nacional ou internacional).
  - Concertos de pop nacional ou internacional para todos os públicos.

- Concertos de música “Indie” (nacional o internacional) para público xove.
  - Concertos de música tradicional ou folk.
  - Concertos de música clásica e jazz
  - Concertos ou espectáculos destinados ao público xove (nacionais o internacionais).
  - Concertos destinados ao público familiar, nacionais ou internacionais.
  - Concertos de masas corais.
  - Espectáculos diversos para todos os públicos.
- b) Os espectáculos propostos para o Auditorio de Castrelos deberán ter unha expectativa de asistencia de público mínima de dez mil persoas.
- c) Deberá concretar as datas das actuacións propostas e a dispoñibilidade do/a/s artista/s. As datas serán compatibles co calendario das actividades programadas.
- d) Tanto os artistas como os seus representantes e os promotores dos eventos terán que aceptar:
- No caso dos espectáculos que teñan lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos: as características especiais da venda de entradas na platea (5.000 entradas a prezos populares) e que existe unha grada de acceso libre e gratuíto.
  - No caso dos espectáculos que teñen lugar na rúa, que o acceso será libre.
- e) As condicións técnicas (“riders”) dos espectáculos deberán adaptarse aos posibles escenarios: o auditorio de Castrelos ou a rúa.
- f) As produtoras ou promotoras deberán acreditar cando se lles requira ser titulares dos dereitos de exclusividade da actuación do artista en Vigo na data proposta e comprometerse a non programar o mesmo espectáculo nun radio de 35 kilómetros.
- g) Os espectáculos non poderán supoñer ningún risco para o público asistente. Evitaranse aqueles que propoñan pirotecnia ou montaxes complexas que poda afectar a seguridade do público.
- h) As propostas deberán conter o prezo final que inclúa o caché do artista, o rider, o catering e hospitalidade.

E para seleccionar as propostas entre as admitidas, fixéronse os seguintes criterios de valoración:

1. Traxectoria artística do artista proposto: valorarase con ata 30 puntos
2. Acollida e/ou aceptación polo público: valorarase con ata 20 puntos  
Para valorar este criterio terase en conta o número de seguidores en redes sociais e reproducións das súas cancións en plataformas musicais e medios de comunicación.
3. Adecuación da oferta económica ao presuposto de programa: valorarase con ata 20 puntos  
É preciso garantir que o programa de cada unha das festas inclúa actuacións para todos os públicos polo que valorarase que no conxunto do programa o importe proposta facilite o equilibrio de actuacións de cada unha das categorías de público: infantil e familiar, adulto e interxeneracional.



## Concello de Vigo

4. Singularidade do espectáculo: valorarase con ata 10 puntos  
Valoraranse que os espectáculos se adecúen aos recintos onde se vai desenvolver o mesmo, que propoñan un formato ou un temática novedosa, que resulte atractiva.
5. Adecuación a algunha das categorías de público fixadas (infantil e familiar, adulto e interxeneracional): valorarase con ata 10 puntos  
É preciso garantir que o programa de cada unha das festas inclúa actuacións para todos os públicos polo que valorarase que no conxunto do programa a proposta facilite o equilibrio de actuacións en cada un das categorías de público: infantil e familiar, adulto e interxeneracional.
6. Adecuación á temática do programa de Festas: valorarase con ata 10 puntos

Unha vez presentadas as propostas, foron valoradas pola Comisión en sesión de 13 de marzo de 2023. Na acta da mesma constan as puntuacións das propostas presentadas, entre as que se atopa a que nos ocupa, a actuación artística de Beret no auditorio de Castrelos. Ás produtoras cuxas propostas foron seleccionadas, o Concelleiro delegado envioulles unha carta de interese, na que lle comunicaba que *“o Servizo de Festas está interesado na súa contratación, polo importe ofertado (...) co fin de incluílo na programación dos concertos de Castrelos na data de 10 de Agosto de 2023”*. E na que se indicaba que *“Acreditado que SWEET NOCTURNA S.L ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación de “BERET” na súa condición de promotor en Vigo para o lugar e a data proposta, poderíamos iniciar os trámites administrativos”*.

Compre analizar, en primeiro lugar, a existencia ou non dun vinculo contractual entre a produtora que presentou a proposta, SWEET NOCTURNA S.L, e o Concello.

É preciso comezar por determinar quen é o órgano de contratación deste Concello. Consonte á disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP) é a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL). Por tanto, calquera outro órgano municipal carece de competencia para obrigar ao Concello por medio dun contrato, salvo delegación expresa da XGL, que unicamente as ten delegadas nos Concelleiros delegados para a *“tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas”*, así como tamén con relación á adxudicación dos procedementos abreviados consonte ao Decreto de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019, modificado o 18.08.20, decreto vixente na data de celebración da convocatoria.

En consecuencia, un concelleiro delegado dun área de goberno carece de competencias para obrigar ao Concello, salvo se se trata dun contrato menor ou un contrato tramitado por procedemento abreviado.

Esta convocatoria carece de encaixe na nosa lexislación de contratos. É un procedemento selectivo que ten por obxecto a posterior tramitación dun procedemento para a contratación da actuación artística seleccionada. Podería

cualificarse como unha actividade preparatoria do posterior expediente de contratación. Se a empresa non acredita os dereitos de exclusiva ou decidise non participar na posterior licitación, o Concello carecería de mecanismos para obrigar a mesma a contratar, como xa aconteceu no eido desta mesma convocatoria precisamente coa mesma produtora, que resultou tamén seleccionada para a posterior contratación do artista REELS B o 8 de agosto en Castrelos, e tras ser requirida para ilo, non presentou a documentación acreditativa de posuír dereitos de exclusiva para esta actuación artística.

Por outra banda, se analizamos tanto os requisitos previos para ser admitido na convocatoria, como os criterios de valoración das mesmas, podemos concluír que ningún deles se refire a empresa senón que todos eles refírense a proposta artística que presentan. Desde esta perspectiva, poderíamos afirmar, a xuízo da informante, que a selección ten como obxecto unha proposta artística para a actuación dun artista concreto. Polo tanto, resultan irrelevantes, nesta fase, as características da empresa que presenta a selección.

No entanto, evacúese trámite de audiencia as produtoras que presentaron oferta para a mesma tipoloxía e tramo de idade, e solicitóuselles que comunicasen a esta Administración, se estaban interesados en participar no procedemento negociado para a adxudicación de esta actuación. E en caso afirmativo, requiríraselles a acreditación de ser titulares dos dereitos de exclusividade para a actuación do citado artista en vigor na citada data. Rematado o prazo do trámite de audiencia

Á vista destas circunstancias, a informante non atopa obstáculo legal para que o procedemento para a contratación do artista se realice coa nova empresa á cal o representante da artista outorga os dereitos de exclusiva para a citada actuación artística no auditorio de Castrelos o 22 de agosto. Evacuado trámite de audiencia ao mesmo ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., presenta documentación acreditativa da exclusividade do concerto e unha declaración responsable da que se deduce de forma inequívoca a súa vontade de contratar a celebración do concerto.

- Consta acreditado no expediente que Urbania Events S.L., é o representante artístico de D. Francisco Javier Álvarez Beret, e que, D. Arturo González Rojo, en nome e representación desta mercantil, outorga a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., a exclusividade para a súa actuación artística o día 22 de agosto de 2023.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 26 de xullo de 2023.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 26 de xullo de 2023.
- Memoria económica de data 26 de xullo de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - a) Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.



## Concello de Vigo

- b) Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- c) Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
  - Retención de crédito de data 12 de xullo de 2023 (operación nº 202300141050-RC-)
  - Memoria xustificativa, de data 26 de xullo de 2023, relativa aos seguintes extremos:
    - a) A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
    - b) Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
    - c) Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
    - d) Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
    - e) Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- f) Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- g) Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- h) Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, correspondeu ao concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola técnica de Administración Xeral e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos

relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

## **PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de actuación **ARTÍSTICA DE “BERET” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023”**.

**Segundo:** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 26 de xullo de 2023, redactado pola técnica de Administración Xeral, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 27 de xullo de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro:** Autorizar o gasto por importe de **168.069,00** euros, sendo o valor estimado do contrato de **138.900,00** euros con cargo á aplicación orzamentaria **3380.226.0906 (Festas de Vigo)** do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **3(616).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DAS ORQUESTRAS COMBO DOMINICANO E PANORAMA DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN RESTAS 2023”. EXPTE. 9719/335.**

Visto o informe xurídico do 26/07/2023 e o informe de fiscalización do 27/07/2023, dáse conta do informe-proposta do 26/07/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Mediante resolución do 9 de maio de 2023, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de **ACTUACIÓN ARTÍSTICA DAS ORQUESTRAS “COMBO DOMINICANO” E “PANORAMA” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023”**.

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 09/02/2023 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 9 de maio de 2023.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2023”.

- Programa Vigo en Festas 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 2 de febreiro de 2023 (expediente 9631-335).
- Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o Programa anual “VIGO EN FESTAS” publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o 16 de febreiro de 2023.
- Acta da Comisión de valoración das propostas de actuación artística presentadas, de data 14 de marzo de 2023, na que figura para a actuación deste artista a entidade CATEGÓRICA.
- Consta acreditado no expediente que D. José Cirano Núñez Pichardo, ostenta a propiedade da marca “El Combo Dominicano” (rexistrada na Oficina Española de Patentes y Marcas), que explota a empresa DENA DEBS, S.L.U., da que actúa en nome e representación, na súa cualidade de apoderado, cede os dereitos de exclusiva para a actuación o 1 de agosto en Vigo a GO MUSIC MANAGEMENT, S.L.
- Consta acreditado no expediente que D. Manuel Garrido Dopazo, como propietario da marca “ORQUESTA PANORAMA”(rexistrada na Oficina Española de Patentes y Marcas), cedeu a súa xestión para a temporada 2023 á PANOBASER, S.L., da que é socio. Por tanto, consta acreditado no expediente que a entidade PANOBASER, S.L., posúe todos os dereitos sobre a marca orquesta “PANORAMA” , para a explotación da mesma. D. Iosu González Erro, en nome e representación “PANOBASER, S.L.,” na súa cualidade de apoderado, cede os dereitos de exclusiva para a actuación o 1 de agosto en Vigo a GO MUSIC MANAGEMENT, S.L.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 26 de xullo de 2023.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 21 de xullo de 2023.
- Memoria económica de datas 21 de xullo de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 21 de xullo de 2023 (operación nº 202300143731)
- Memoria xustificativa, de data 26 de xullo de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.



## Concello de Vigo

- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, correspondeu ao concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola técnica de Administración Xeral e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que GO MUSIC MANAGEMENT, S.L., tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

### PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de actuación **ARTÍSTICA DAS ORQUESTRAS “COMBO DOMINICANO” E “PANORAMA” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023”**.

**Segundo:** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 26 de xullo de 2023, redactado pola técnica de Administración Xeral, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 26 de xullo de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro:** Autorizar o gasto por importe de **39.325,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **32.500,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria **3380.226.0906 (Festas de Vigo)** do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(617).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE ANA MENA DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023”.EXPTE. 9694/335.**

Visto o informe xurídico de data 26/07/2023 e o informe de fiscalización do 27/07/2023, dáse conta do informe-proposta de data 26/07/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)



## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante resolución do 9 de maio de 2023, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de **ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “ANA MENA” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023”**.

**Segundo.-** No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 09/02/2023 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 18 de abril de 2023.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado no perfil de contratante, dentro do obxecto contractual “Servizo de contratación de actuacións artísticas singulares para “Vigo en Festas 2023”.
- Programa Vigo en Festas 2023, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 2 de febreiro de 2023 (expediente 9631-335).
- Convocatoria pública de propostas de actuacións artísticas ou espectáculos para o Programa anual “VIGO EN FESTAS” publicado no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o 16 de febreiro de 2023.
- Acta da Comisión de valoración das propostas de actuación artística presentadas, de data 14 de marzo de 2023, na que figura para a actuación deste artista a entidade CATEGÓRICA.
- Revisados os expedientes do Servizo de Festas compróbase que non constan nin outras ofertas para a actuación artística de ANA MENA, nin outras comunicacións, formais ou informais con outros produtores que oferten a actuación do citado artista, diferentes á formulada por SWEET NOCTURNA, S.L., obrantes no expediente 9.694-335. Así consta na acta de comprobación da administrativa do servizo, de data 14 de xullo de 2023.
- SWEET NOCTURNA S.L., en escrito de 3 de xullo de 2023, presentado a través do Rexistro Xeral deste Concello ao día seguinte, manifesta que *“confirmamos que a nosa empresa non pode continuar con este procedemento de contratación por motivos alleos a súa vontade. Sen embargo, desde a axencia da ARTISTA se nos traslada que esta xestión se trasladará a outra empresa que manterá as condicións e orzamentos xa presentados por SWEET*

*NOCTURNA S.L anteriormente a concellería de Festas. Como consecuencia, se adxuntan os documentos solicitados neste requerimento e aportados pola AXENCIA na que confirma a exclusividade a favor de ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO co obxecto de que esta empresa continúe coa tramitación do concerto no Auditorio de Castrelos da artista o vindeiro día 15 de agosto de 2023”.*

Con carácter previo á valoración de se procede ou non acceder a esta solicitude, é preciso analizar os requisitos da convocatoria pública para a selección das actuacións artísticas para o Programa Vigo en Festas 2023, aprobado pola XGL o 2 de febreiro de 2023. A convocatoria publicouse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, o 16 de febreiro. Unha vez presentadas as propostas de actuación artística polos diferentes produtores, estas foron valoradas por unha Comisión da Avaliación formada polo Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez e por Dna. M. Cristina Chao Polo Xefa do Servizo de Festas.

Para ser admitidas, as propostas deberían cumprir uns requisitos:

- Que sexan de interese xeral e dean cobertura a unha maior diversidade de público obxectivo posible, atendendo a algunha seguintes tipoloxías:
  - Concertos de rock (nacional ou internacional).
  - Concertos de pop nacional ou internacional para todos os públicos.
  - Concertos de música “Indie” (nacional o internacional) para público xove.
  - Concertos de música tradicional ou folk.
  - Concertos de música clásica e jazz
  - Concertos ou espectáculos destinados ao público xove (nacionais o internacionais).
  - Concertos destinados ao público familiar, nacionais ou internacionais.
  - Concertos de masas corais.
  - Espectáculos diversos para todos os públicos.
- Os espectáculos propostos para o Auditorio de Castrelos deberán ter unha expectativa de asistencia de público mínima de dez mil persoas.
- Deberá concretar as datas das actuacións propostas e a dispoñibilidade do/a/s artista/s. As datas serán compatibles co calendario das actividades programadas.
- Tanto os artistas como os seus representantes e os promotores dos eventos terán que aceptar:
  - No caso dos espectáculos que teñan lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos: as características especiais da venda de entradas na platea (5.000 entradas a prezos populares) e que existe unha grada de acceso libre e gratuíto.
  - No caso dos espectáculos que teñen lugar na rúa, que o acceso será libre.
- As condicións técnicas (“riders”) dos espectáculos deberán adaptarse aos posibles escenarios: o auditorio de Castrelos ou a rúa.



## Concello de Vigo

- As produtoras ou promotoras deberán acreditar cando se lles requira ser titulares dos dereitos de exclusividade da actuación do artista en Vigo na data proposta e comprometerse a non programar o mesmo espectáculo nun radio de 35 kilómetros.
- Os espectáculos non poderán supoñer ningún risco para o público asistente. Evitaranse aqueles que propoñan pirotecnia ou montaxes complexas que poda afectar a seguridade do público.
- As propostas deberán conter o prezo final que inclúa o caché do artista, o rider, o catering e hospitalidade.

E para seleccionar as propostas entre as admitidas, fixéronse os seguintes criterios de valoración:

1. Traxectoria artística do artista proposto: valorarase con ata 30 puntos
2. Acollida e/ou aceptación polo público: valorarase con ata 20 puntos  
Para valorar este criterio terase en conta o número de seguidores en redes sociais e reproducións das súas cancións en plataformas musicais e medios de comunicación.
3. Adecuación da oferta económica ao presuposto de programa: valorarase con ata 20 puntos  
É preciso garantir que o programa de cada unha das festas inclúa actuacións para todos os públicos polo que valorarase que no conxunto do programa o importe proposta facilite o equilibrio de actuacións de cada unha das categorías de público: infantil e familiar, adulto e interxeneracional.
4. Singularidade do espectáculo: valorarase con ata 10 puntos  
Valorarase que os espectáculos se adecúen aos recintos onde se vai desenvolver o mesmo, que propoñan un formato ou un temática novedosa, que resulte atractiva.
5. Adecuación a algunha das categorías de público fixadas (infantil e familiar, adulto e interxeneracional): valorarase con ata 10 puntos  
É preciso garantir que o programa de cada unha das festas inclúa actuacións para todos os públicos polo que valorarase que no conxunto do programa a proposta facilite o equilibrio de actuacións en cada un das categorías de público: infantil e familiar, adulto e interxeneracional.
6. Adecuación á temática do programa de Festas: valorarase con ata 10 puntos

Unha vez presentadas as propostas, foron valoradas pola Comisión en sesión de 13 de marzo de 2023. Na acta da mesma constan as puntuacións das propostas presentadas, entre as que se atopa a que nos ocupa, a actuación artística de Ana Mena no auditorio de Castrelos. Ás produtoras cuxas propostas foron seleccionadas, o Concelleiro delegado envioulles unha carta de interese, na que lle comunicaba que *“o Servizo de Festas está interesado na súa contratación, polo importe ofertado (...) co fin de incluílo na programación dos concertos de Castrelos na data de 10 de Agosto de 2023”*. E na que se indicaba que *“Acreditado que SWEET NOCTURNA S.L ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación de “ANA MENA” na súa condición de promotor en Vigo para o lugar e a data proposta, poderíamos iniciar os trámites administrativos”*.

Compre analizar, en primeiro lugar, a existencia ou non dun vinculo contractual entre a produtora que presentou a proposta, SWEET NOCTURNA S.L, e o Concello.

É preciso comezar por determinar quen é o órgano de contratación deste Concello. Consonte á disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP) é a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL). Por tanto, calquera outro órgano municipal carece de competencia para obrigar ao Concello por medio dun contrato, salvo delegación expresa da XGL, que unicamente as ten delegadas nos Concelleiros delegados para a “tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas”, así como tamén con relación á adxudicación dos procedementos abreviados consonte ao Decreto de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019, modificado o 18.08.20, decreto vixente na data de celebración da convocatoria.

En consecuencia, un concelleiro delegado dun área de goberno carece de competencias para obrigar ao Concello, salvo se se trata dun contrato menor ou un contrato tramitado por procedemento abreviado.

Esta convocatoria carece de encaixe na nosa lexislación de contratos. É un procedemento selectivo que ten por obxecto a posterior tramitación dun procedemento para a contratación da actuación artística seleccionada. Podería cualificarse como unha actividade preparatoria do posterior expediente de contratación. Se a empresa non acredita os dereitos de exclusiva ou decidise non participar na posterior licitación, o Concello carecería de mecanismos para obrigar a mesma a contratar, como xa aconteceu no eido desta mesma convocatoria precisamente coa mesma produtora, que resultou tamén seleccionada para a posterior contratación do artista REELS B o 8 de agosto en Castrelos, e tras ser requirida para ilo, non presentou a documentación acreditativa de posuír dereitos de exclusiva para esta actuación artística.

Por outra banda, se analizamos tanto os requisitos previos para ser admitido na convocatoria, como os criterios de valoración das mesmas, podemos concluír que ningún deles se refire a empresa senón que todos eles refírense a proposta artística que presentan. Desde esta perspectiva, poderíamos afirmar, a xuízo da informante, que a selección ten como obxecto unha proposta artística para a actuación dun artista concreto. Polo tanto, resultan irrelevantes, nesta fase, as características da empresa que presenta a selección.

No entanto, evacúese trámite de audiencia as produtoras que presentaron oferta para a mesma tipoloxía e tramo de idade, e solicitóuselles que comunicasen a esta Administración, se estaban interesados en participar no procedemento negociado para a adxudicación de esta actuación. E en caso afirmativo, requiráselles a acreditación de ser titulares dos dereitos de exclusividade para a actuación do citado artista en vigor na citada data. Rematado o prazo do trámite de audiencia





## Concello de Vigo

Á vista destas circunstancias, a informante non atopa obstáculo legal para que o procedemento para a contratación da artista Ana Mena se realice coa nova empresa á cal o representante da artista outorga os dereitos de exclusiva para a citada actuación artística no auditorio de Castrelos o 15 de agosto.

- Consta acreditado no expediente que D. José Luis de la Peña Mira, en nome e representación de CLEVER MUSIC, S.L., que ostenta a condición de representante do artista "ANA MENA" (conforme se desprende do documento anexo no trámite 40 do expediente), cede os dereitos de exclusiva para a realización do concerto do artista no Auditorio de Castrelos o 15 de agosto a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L (conforme ao documento anexo no trámite 40 do expediente).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 26 de xullo de 2023.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 26 de xullo de 2023.
- Memoria económica de datas 19 de abril de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 20 de abril de 2023 (operación nº 20230004887-RC-)
- Memoria xustificativa, de data 26 de xullo de 2023, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
  - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
  - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Xustificación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).

- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación. Por resolucións de Alcaldía de delegacións competenciais de data 18/06/2019 e 26/06/2019 e posteriores modificacións, e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, correspondeu ao concelleiro delegado da área de Participación Cidadá e Festas o inicio do expediente.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola técnica de Administración Xeral e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado.

Consta acreditado no expediente que ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., tal e como se puxo de releve nos antecedentes, ostenta os dereitos de exclusiva para a realización de este concerto.

**Cuarto.-** Con carácter previo á aprobación do expediente, emitírase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Quinto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

## **PROPOSTA**

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de actuación **ARTÍSTICA DE “ANA MENA” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023”.**



## Concello de Vigo

**Segundo:** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 26 de xullo de 2023, redactado pola técnica de Administración Xeral, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 26 de xullo de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

**Terceiro:** Autorizar o gasto por importe de **111.320,00** euros, sendo o valor estimado do contrato de **92.000,00** euros con cargo á aplicación orzamentaria **3380.226.0906 (Festas de Vigo)** do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(618).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS DE CEDRO E NOS CMSS DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 149705/301.**

Dáse conta do informe proposta de data 27/07/2023, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e coa conformidade da concelleira-delegada de Área, a xefa de Asesoramento de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.

- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (PPT).

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 1 de marzo de 2018, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, dos servizos de vixilancia e seguridade en CEDRO e UBAS (expediente 149705-301), así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O 7 de xuño de 2018 a XGL acordou:

“Adxudicar a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U o procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 286.915,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 49.795,20 euros.
- b) Que se compromete a incrementar o horario anual de prestación do servizo establecido no PPT en 100 horas anuais de libre disposición para o Concello, que poderán ser utilizadas para atender ás necesidades puntuais de CEDRO e das UBAS e ás situacións imprevistas que poidan xurdir nestes servizos durante o prazo de execución do contrato.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizouse o día 18 de xullo de 2018. Iniciouse a súa execución o día 1 de agosto, por un prazo inicial de catro anos.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Por acordo da XGL de 17 de febreiro de 2022 acordouse unha prórroga dun ano, dende o 01.08.2022 ao 31.07.2023 (expediente nº 2878/315). O contratista renunciou expresamente a segunda prórroga mediante escrito do 18.10.2022 (anexado no trámite nº 432 do expediente 149705-301).

**Cuarto.-** En data 3 de marzo de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Quinto.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 6 de marzo de 2023 no DOUE e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día, rematando o 21 de marzo de 2023.

Durante o prazo conferido para o efecto presentaron oferta os seguintes licitadores:

1. EULEN SEGURIDAD, S.A.
2. SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.

**Sexto.-** A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de marzo de 2023, procedeu á apertura e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos. Tras a mesma, acordou admitir neste procedemento aos citados licitadores e procedeu á apertura do Sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

**Sétimo.-** Na sesión do 3 de maio de 2023 a Mesa de Contratación aceptou o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 21 de abril de 2023 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*, abriu, en acto público, o sobre C *“Proposición avaliable mediante fórmula”* dos licitadores admitidos e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**Oitavo.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión do 1 de xuño de 2023 tomou razón dos escritos presentados por SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. o 5 de maio de 2023 (documentos nº 230123202 e 230124219) nos que formula as seguintes alegacións:

1. [...] *Se admite al licitador: EULEN SEGURIDAD, S.A., siendo que según consta en diferentes medios la referida EULEN SEGURIDAD, S.A. está inhabilitada por un periodo de siete meses para firma de contratos con el sector público. (\*)*
  2. *En el acta de apertura del sobre C, aparentemente aparece error al indicar las cifras de las ofertas, siendo que se indica: “Reducción do prezo ofertado” cuando debería ser Precio Ofertado.*
  3. *En la misma columna que se indica en el punto dos es necesario aclarar que el precio que indica mi representada es por anualidad, dado que de otra manera la cifra no tendría ningún sentido y con mayor razón al tratarse de la actual adjudicataria del servicio.*
- (\*) Para un mayor abundamiento de la información señalada en el escrito anterior y como complemento del escrito en relación con lo señalado en el*

punto 1. de este escrito, queremos acompañar la “Resolución exclusión temporal” de la Comunidad Autónoma de la Rioja [...].

**Noveno.-** A Mesa tomou coñecemento dos referidos escritos e acordou contestar ao citado licitador no seguintes termos:

1. *“Que feitas as oportunas comprobacións no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público, constátase que EULEN SEGURIDAD, S.A. está incurso nunha prohibición de contratar imposta por resolución da Ministra de Hacienda y Función Pública de data 24 de febreiro de 2023, por un prazo de 7 meses desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023. A prohibición de contratar esténdese a todo o sector público e produce efectos desde a súa inscrición no Rexistro de Contratistas.*
2. *Que na acta do 3 de maio, no cadro resumo da apertura das proposicións avaliadas a través de fórmula, indicouse o criterio de adxudicación cando efectivamente se tiña que ter reflectido o prezo sen IVE proposto polos licitadores admitidos.*
3. *Respecto da aclaración de que o prezo ofertado é anual:*
  - *O xefe da Área de Benestar Social expón que do orzamento detallado presentado polo licitador no Sobre C se pode deducir, en atención ao número de horas indicado, que o prezo ofertado se corresponde cunha anualidade.*
  - *A vogal suplente do interventor xeral sinala que a oferta se axusta ao modelo de proposición recollido no PCAP e nin a oferta nin o orzamento detallado presentados polo licitador indican que o prezo ofertado sexa anual e entende, á vista das alegacións presentadas no que se pon de manifesto a existencia dun erro, que o licitador recoñece que a oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP), polo que debe ser rexeitada seguindo o criterio sostido na sentenza da Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Justicia de Madrid do 2 de febreiro de 2022 - resolución nº 74/2022- e na resolución nº 89/2022, do 25 de maio, do Órgano Administrativo de Recursos Contractuales de la Comunidad Autónoma de Euskadi.*
  - *A titular da Asesoría Xurídica e o Servizo de Contratación entenden que o criterio do servizo xestor é razoable pero que a posición da Intervención resulta máis segura xuridicamente.*

*O xefe da Área de Benestar Social formula voto particular ao entender que debería ser aceptada a aclaración de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. e admitida a súa oferta, seguindo o criterio do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón no seu acordo 050/2017, do 19 de abril de 2017”.*

Á vista do anterior, a Mesa acordou, cos votos a favor da presidenta, a titular da Asesoría Xurídica, a vogal suplente do interventor xeral e a xefa do Servizo de Contratación, e o voto en contra do xefe da Área de Benestar Social para os puntos 2 e 3:



## Concello de Vigo

1. Excluir deste procedemento a EULEN SEGURIDAD, S.A. por estar incurso nunha prohibición de contratar con todo o sector público desde o 19 de abril ao 18 de novembro de 2023.
2. Excluir deste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. por entender que o licitador recoñece que a súa oferta adoece dun erro que a fai inviable (suposto recollido no artigo 84 do RXLCAP e na cláusula 14.2c) do PCAP)

Na mesma sesión formulouse proposta ao órgano de contratación para declarar deserto este procedemento “[...] porque os dous licitadores presentados foron excluídos pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023”.

**Décimo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 8 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) porque os dous licitadores presentados foron excluídos pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de xuño de 2023”.*

**Undécimo.-** En data 19 de xuño de 2023, Javier Zamora Barrios, en nome e representación de EULEN SEGURIDAD, S.A. (documento nº 230170370), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo de exclusión e de declaración de deserta desta contratación. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal.

**Duodécimo.-** O 30 de xuño de 2023, mediante documento nº 230199835, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia remite resolución de medida cautelar de suspensión da contratación nº 46/2023.

**Décimo terceiro.-** En data 29 de xuño de 2023, D. Horacio Juan Reyes Crespo, actuando en nome e representación de SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. (en adiante, SEGURSYSTEM ou o recorrente) interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo de exclusión e de declaración de deserta desta contratación.

**Décimo cuarto.-** Consta no expediente informe do xefe de área de Benestar Social, de data 12 de xullo de 2023, propoñendo a tramitación da continuidade do servizo.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### **Réxime xurídico aplicable**

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

-II-

### **Da finalización do prazo do contrato dos servizos de vixilancia e seguridade en CEDRO e UBAS (expediente 149705-301) con carácter previo á formalización do novo contrato (expediente 2.926-315) que garanta a continuidade do servizo**

O contrato dos servizos de vixilancia e seguridade en CEDRO e UBAS adjudicouse mediante acordo da Xunta de Goberno local do 7 de xuño de 2018 a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U, por un prazo de 4 anos e con 2 posibles prórrogas dun ano de duración cada unha, iniciándose a prestación o 1 de agosto de 2018 (apartado 4 do Anexo I -FEC- do PCAP).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2022 acordou autorizar a primeira prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 1 de agosto de 2022 e o 31 de xullo de 2023. No entanto, non é posible acordar a segunda prórroga por canto o contratista renunciou expresamente a ela mediante escrito de 18 de outubro de 2022, de conformidade co previsto na cláusula 7 do PCAP, que permite ao contratista opoñerse á prórroga comunicándoo por escrito con 9 meses de antelación á data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso, requisitos cumpridos pola comunicación do contratista.

Na actualidade, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata o 31 de xullo e o novo contrato non foi adjudicado, pois a licitación quedou deserta. Neste intre, están pendentes de resolución do TACGAL dous recursos dos dous licitadores admitidos neste procedemento, EULEN





## Concello de Vigo

SEGURIDAD, S.A. e SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U., que impugnan os respectivas acordos de exclusión da Mesa de Contratación así como o acordo da XGL de declaración de deserto do devandito procedemento.

**-III-**

### **Necesidade da prestación do servizo de vixilancia da saúde ata a adxudicación do novo contrato**

O contrato que nos ocupa ten por obxecto os servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e nos CMSS (Centros Municipais de Servizos Sociais) de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello, do Servizo de Benestar Social. (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP).

Indica o informe do xefe de área de Benestar Social, de data 12 de xullo de 2023:

*“é absolutamente imprescindible que se garanta a continuidade destes servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e nos CMSS de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello para velar pola seguridade das dependencias municipais (instalacións, mobiliario, etc.) e protexer ás persoas usuarias, visitantes e traballadores/as deses centros, previndo a comisión de delitos e actividades que poidan supoñer un risco para as mesmas”.*

En consecuencia, está xustificada a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato, pendente da resolución do TACGAL dos dous recursos especiais citados. Do contrario, o Concello de Vigo non podería garantir a seguridade dos citados centros.

**-IV-**

### **Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo**

Como se expuxo no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que produzan atrasos e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Singularmente, o novo contrato, que tramitouse con tempo, quedou deserto. Asemade interpuxéronse dous recursos especiais, e neste momento hai unha medida cautelar de suspensión do procedemento. Resulta imposible neste intre comezar unha nova licitación descoñecendo se o Tribunal vai acordar ou non estimar os recursos.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que implicaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato, período que é incerto e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo; se ben condicionada polas seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Ante a inminente finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que neste caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.

Compre dicir ó respecto que o novo contrato figuraba planificado no plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022. A tramitación do expediente de contratación iniciouse o 13 de decembro de 2022, por orde da concelleira delegada de Política Social (expediente 29266-315), e foi aprobado o día 3 de marzo de 2023.

No presente caso atopámonos nunha situación extraordinaria motivada pola declaración de deserto do procedemento, ao excluír a Mesa de Contratación a os dous licitadores que se presentaron á licitación: un por estar incurso en prohibición para contratar e o outro por padecer un erro na formulación do modelo de proposición, dun dos criterios de adxudicación mediante fórmula, en concreto o prezo. Esta circunstancia obrigaría á aprobación e licitación dun novo expediente. Máis ilo non é posible pola interposición de sendos recursos especiais en materia de contratación, por cada un destes licitadores,



## Concello de Vigo

impugnado o acordo de exclusión e a declaración de deserto do procedemento. Ata que recaiga resolución nos procedementos de recurso e o Tribunal decida acerca da exclusión ou non dos licitadores non é aconsellable iniciar un novo procedemento.

2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.

Con relación ó segundo requisito, a existencia de motivos de interese público que esixan a continuidade do servizo, este contrato responde á obriga do Concello de garantir aos traballadores e usuarios de CEDRO e os CMSS. A paralización da prestación ocasionaría un incumprimento desta obriga, e no caso de que ocorrese algún incidente, carregaría responsabilidade extracontractual.

3. O procedemento de licitación foi aprobado en data 3 de marzo de 2023 pola Xunta de Goberno Local. O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 6 de marzo de 2023 no DOUE e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, polo que se cumpre o requisito de publicación tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

En consecuencia, no caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

**-V-**

### **Condicións da continuidade do servizo**

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo de vixilancia da saúde e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas do contrato continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima como período máximo de continuidade do servizo o de 2 meses.

Para facer fronte aos gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que *“O gasto derivado desa continuidade dos servizos, polo tempo estritamente imprescindible ata a formalización do novo contrato (estimado nun máximo de 2 meses), poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria n.º 3112.227.01.00 e, de ser o caso, á súa bolsa de vinculación (...) polo importe máximo de 12.297,52€.”*

Consta no expediente un RC (nº de operación 2023001410799 de data 12 de xullo polo citado importe.

Consta no expediente a conformidade de “SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.”, en escrito de data 21 de xullo, para continuar executando o contrato nas mesmas condicións ata o inicio do novo contrato.

## -VI-

### Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- A continuidade da prestación do servizo de vixilancia e seguridade de CEDRO e UBAS (149.705-301) nas mesmas condicións polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato.*

*2º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato tramitado no expediente 27.683-2202, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de agosto ata o 30 de setembro de 2023 (2 meses) polo importe máximo de 12.297,52 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3112.227.01.00.*

*3º.- Notificar este acordo ao interesado e ao servizo xestor”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(619).-INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR GESTIÓN DE TRIBUTOS Y RECAUDACIÓN TRIBUTARIA, S.L., CONTRA OS PREGOS QUE REXEN O PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE ASISTENCIA Á RECADACIÓN EXECUTIVA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 26287/541.**

Dáse conta do informe proposta de data 27/07/2023, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de asistencia á recadación executiva (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de asistencia á recadación executiva (PPT).

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 8 de xuño de 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de asistencia á recadación executiva do concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 16 de xuño de 2023 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de

ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 13 de xullo de 2023 as 23.59. Ata o momento non se presentou ningunha oferta.

**Terceiro.-** En data 7 de xullo de 2023, D. Salvador Camblo Moyano, en nome e representación de GESTIÓN DE TRIBUTOS Y RECAUDACIÓN TRIBUTARIA, S.L., na súa cualidade de secretaria da mesma, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello.

**Cuarto.-** En data 27 de xullo de 2023, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Obxecto deste recurso especial en materia de contratación**

É obxecto da presente impugnación os pregos que rexen o procedemento aberto do servizo de asistencia á recadación executiva do concello de Vigo.

**-II-**

### **Lexislación aplicable**

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.



## Concello de Vigo

- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

### **Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído,

adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

#### -IV-

### **Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.





## Concello de Vigo

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
